



Concello Do Carballiño

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA GASTOS DE INVESTIMENTO E DE GASTOS CORRENTES DE FUNCIONAMENTO PARA O ANO 2025 EN LOCAIS DE PROPIEDAD DA ASOCIACIÓN OU CON CESIÓN DE USO.

Primeira. Obxecto e finalidade da convocatoria

As presentes bases teñen por obxecto regular, tomando como marco legal a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño que se rexe a súa vez pola Lei xeral de subvencións 38/2003 do 17 de novembro e Bases de execución do orzamento do Concello do Carballiño, para a concesión en réxime de concorrência competitiva de subvencións a asociacións de veciños do Concello do Carballiño para 2025, destinadas a execución de obras de investimento e gastos correntes de funcionamento dos locais sociais.

Segunda. Beneficiarios/as

1. Poderán concorrer á presente convocatoria de subvención (en calquera das modalidades), aquelas asociacións veciñais que cumpran os seguintes requisitos:

- A. estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia e no rexistro de asociacións do Concello do Carballiño, con domicilio social no Concello do Carballiño e provistas do perceptivo Código de Identificación Fiscal (CIF).
- B. non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas
- C. estar ao día coas obrigas tributarias coa axencia tributaria estatal, autonómica, local e seguridade social.

Será requisito para solicitar **a subvención de investimento** ostentar a titularidade (ben mediante documento de propiedade ou de cesión de uso coa correspondente autorización para a realización de obra) do local social

2. Quedan excluídas:

- a) Aquelas asociacións que recibiran outra subvención do concello, en convocatorias anteriores, e non a xustificasen debidamente.

Terceira: Crédito

1. O importe total asignado no orzamento municipal que se destina a esta finalidade ascende a 9.400 euros segundo se detalla a seguir:

PLAN DE MELLORA DE LOCAIS SOCIAIS	Aplicación orzamentaria	Importe
Gastos correntes de funcionamento:	414.11.480.00	5400 €
Investimento	414.11.780.00	4000 €

2. Ningunha entidade poderá obter unha subvención da Área de Medio Rural superior a:

- a) Para gastos de investimento.....1000 €
- b) Para gastos correntes de funcionamento.....600 €

O remanente, de o haber, repartirase entre as solicitudes de maneira proporcional.

3. Estas subvencións poderán ser compatibles con outras para o mesmo fin. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con subvencións doutras Administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polas entidades beneficiarias. Se así fose, este feito





Concello Do Carballiño

daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar, se é o caso, á modificación do acordo de concesión.

Cuarta: Obrigas dos/das beneficiarios/as

As entidades beneficiarias das subvencións quedarán obrigadas a:

1.Executar o proxecto ou actividades para as cales se solicitou a subvención dende o 16 de outubro de 2024 ata o 15 de outubro de 2025.

2.Destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que foron concedidos.

3.Comunicarlle ao Concello do Carballiño a obtención doutras subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas, tanto públicas como privadas, para o mesmo fin. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación de aplicación dada aos fondos percibidos.

4.Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados, rexistros de socios/as activos/as e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ou, se é o caso, os estudos contables que garanten o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

5.Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

6.Acreditar con anterioridade e ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coas facendas estatal, autonómica, local e fronte á Seguridade Social.

7.Deberanlle dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvencións co logotipo aprobado polo Concello do Carballiño, figurando en toda a información ao respecto (proxecto, carteis, publicidade, publicacións, etc...) a colaboración do Concello do Carballiño, aínda que as actividades fosen realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria e se se trata de entidades que xa concorreron en convocatorias anteriores. Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de entidades que concorran por primeira vez nesta convocatoria e as actividades fosen realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria.

En caso de incumprimento desta obriga, o Concello do Carballiño poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obrigación poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou do reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Quinta: Actividades ou proxectos obxecto de subvención

A.- Para a modalidade de investimento:

- obras de reforma de local social
- compra de mobiliario ou equipamento (radiadores, estufas, ordenador, impresora, purificador de aire...) para o local
- compra de árbores autóctonas ou plantas ornamentais

B.- Para gastos correntes de funcionamento:

- gastos de mantemento e conservación do local permanente da asociación (arranxo dunha billa, cisterna, chave da luz, agarradoira dunha porta...)
- gastos de convivencia veciñal: actividades relacionadas co magosto, nadal, entroido,





Concello Do Carballiño

viaxes culturais ... (en ningún caso serán obxecto de subvención gastos de comidas nin transporte) ou outras de carácter tradicional

- publicidade da actividade a desenvolver (gastos de imprenta, carteis...)
- honorario de monitores (no caso de impartir cursos, obradoiros, conferencias...)
- gastos correntes habituais: alugueiro, material de oficina, teléfono, auga, luz, alarma local, taxas xunta por renovación de directiva, taxa por certificado electrónico, internet rural...
- póliza de seguro do local social

Os gastos para os que se solicite a subvención deberán ter sido efectuados dende o 16 de outubro de 2024 ata o 15 de outubro de 2025.

Sexta.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación

1.As entidades que se acollan a este orde deberán presentar a correspondente solicitude mediante modelo normalizado (anexo I) que se aporta con estas bases reguladoras.

Os impresos de solicitude da subvención (anexos a estas bases reguladoras) e canta información se precise para a súa presentación serán facilitados na Área de Medio Rural do Concello do Carballiño.

Tódolos trámites administrativos que as entidades deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser electronicamente

O prazo de presentación será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, trala comunicación efectuada para o efecto pola BDNS (Base de Datos Nacional de Subvencións), mediante instancia dirixida ao alcalde presidente ou concelleira delegada de medio rural, no rexistro xeral electrónico municipal do Concello do Carballiño, <https://carballino.sedelectronica.gal> ou de calquera outro xeito dos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A convocatoria da subvención farase pública no taboleiro de edictos do concello.

2. Ás solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

2.1.- Documentación xeral para as dúas modalidades:

- a) fotocopia cotexada do CIF da entidade e do NIF da persoa representante
- b) fotocopia dos estatutos da entidade
- c) certificado de inscrición no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia
- d) declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de percibir subvencións de outras administracións e declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa axencia tributaria estatal, autonómica e coa seguridade social (anexo II)
- e) declaración doutras subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade (anexo III)
- f) declaración responsable sobre a natureza do IVE
- g) declaración do número de persoas ou entidades asociadas a data 01/01/2025 (anexo IV)

A documentación dos puntos a, b e c non será preciso presentala se xa se presentou nalgún momento, excepto no caso en que se produzan modificacións no contido de ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflectan en eles, supostos no que se deberá





Concello Do Carballiño

presentar o novo documento que substituta o anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar na solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante modelo oficial que figura no anexo V. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos.

2.2 . Documentación específica:

2.2.1 Para o caso de obras de investimento ou mellora nos locais sociais:

- a.- Memoria valorada ou orzamento detallado da obra.
- b.- Reportaxe fotográfica que evidencie a situación da instalación antes da realización da obra.

O outorgamento da subvención non exime á asociación de solicitude ou presentación da oportuna licenza de obra ou declaración previa.

2.2.2 Para gastos correntes de funcionamento:

- a.- Memoria das actividades realizadas durante o período subvencionable.
- b.- Relación dos gastos e ingresos realizados durante o período subvencionable.

2.3.- As solicitudes presentaranse na sede electrónica do Concello do Carballiño acompañadas de toda a documentación mencionada anteriormente.

Sétima.- Procedemento de concesión

1. A concesión das subvencións realizarase, mediante réxime de concorrência competitiva.
2. A instrución do procedemento corresponderalle á Área de Medio Rural
3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada. Examinada a documentación, o órgano instrutor concederalle ao interesado/a un prazo de dez días hábiles para a emenda das deficiencias detectadas, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, procederá conforme ás seguintes regras:
 - 4.1. Para os proxectos aos que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación necesaria, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes
 - 4.2. Para resto dos proxectos, proporase a súa admisión a trámite, pasando á Comisión de Valoración para que formule a proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios de valoración recollidos na base novena.

Oitava.- Comisión de Valoración

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- a concelleira delegada de medio rural ou persoa en quen delegue
- un/ha traballador/a da Área de Medio Rural
- un/ha traballador/a do concello designado pola concelleira
- actuará como secretario/a un/unha traballador/a designado/a pola concelleira de medio rural, sen voto.

Novena.- Criterios de valoración

1. Para a concesión de subvencións e a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios que serán comúns ás dúas modalidades de axuda:

a) Número de asociados/as (máx. 6 ptos.):

Ata 20 socios/as: 1 punto

Entre 21 e ata 40 socios/as: 2 puntos





Concello Do Carballiño

- Entre 41 e ata 60 socios/as: 3 puntos
- Entre 61 e ata 80 socios/as: 4 puntos
- Entre 81 e ata 100 socios/as: 5 puntos
- Superior a 100 socios/as: 6 puntos
- b) Número de beneficiarios/as (máx. 6 ptos.):
 - Ata 50 socios/as: 1 punto
 - Entre 51 e ata 100 socios/as: 2 puntos
 - Entre 101 e ata 150 socios/as: 3 puntos
 - Entre 151 e ata 200 socios/as: 4 puntos
 - Entre 201 e ata 250 socios/as: 5 puntos
 - Superior a 250 socios/as: 6 puntos
- c) Nivel de autofinanciamento da obra de investimento ou gasto de funcionamento (máx. 5 ptos.)
 - Ata o 20%: 1 punto
 - Entre 21% e ata o 40% : 2 puntos
 - Entre 41 % e ata 60%: 3 puntos
 - Entre 61% e ata o 80%: 4 puntos
 - Superior ao 80%: 5 puntos
- d) Número de actividades a realizar: 1 punto por actividade ata un máximo de 5 puntos.

2. Os criterios aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático.

3. Se as axudas solicitadas para os proxectos fosen por importe inferior ou igual a 600 € (no caso de gastos de funcionamento) ou 1000 € (gastos de investimento), concederáse o importe total sempre que o crédito orzamentario sexa suficiente para atender tódalas solicitudes. De non ser así, o valor económico do punto resultará de dividir o importe máximo da subvención polo total dos puntos obtidos polas entidades solicitantes. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha cantidade poderá recibir axudas por importe superior á contía solicitada ou ao máximo establecido por entidade beneficiaria.

4. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda do máximo establecido ou da cantidade solicitada, a contía da axuda axustarase ata ese límite

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das fórmulas e regras anteriores, repartiranse entre o resto de solicitudes que non acadaron o máximo concedido, proporcionalmente aos puntos que ten cada unha delas ata que se esgoten os remanentes.

5. A Comisión de valoración pode establecer, de consideralo preciso, a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión da subvención.

Décima.--Resolución

1. A proposta de resolución, elaborada polo órgano instructor, seralles comunicada ás entidades beneficiarias mediante notificación electrónica co fin de que poidan formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de 10 días. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva (artigo 24.4 da Lei xeral de subvencións).

2. De haber alegacións, a comisión de valoración emitirá un informe/ditame, que á vista deste, o órgano instructor formulará proposta de resolución definitiva onde deberán expresarse a relación de solicitantes para os que se propón a subvención e a contía desta.





Concello Do Carballiño

3. O órgano competente, neste caso a xunta de goberno local, á vista de proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución, ademais da relación de solicitantes, ós que se lles concede a subvención, fará constar, de ser o caso, e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso farase unha relación das entidades beneficiarias, o importe da subvención outorgada, e demais referencias relevantes. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o no prazo dun mes ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativo recurso contencioso administrativo no prazo de tres meses dende a notificación desta.

A subvención considerarase tacitamente aceptada de non presentar a renuncia expresa dentro do prazo dos dez días seguintes á notificación de resolución de concesión desta.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e bis artigos 62 e 63

O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña para os seus efectos a unha data posterior. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución, lexitima ás entidades interesadas para entender desestimado por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención. De non facelo, entenderase desistido da súa petición, circunstancia que deberá notificarse segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Undécima.- Xustificación e pagamento da subvención

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través dunha conta xustificativa integrada polos seguintes documentos segundo a base 31 da bases de execución:

- a.- Memoria das actividades/obras realizadas e resultados obtidos
- b.- Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante a presentación de copia de impresións, folletos, cartelaría, prensa etc...)
- c.- Relación clasificada dos gastos, asinada polo/a secretario/a da entidade ou do presidente e con identificación dos acredores, CIF concepto do gasto, número de factura, importe e data de emisión.
- d.- Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade. No caso de haber desviacións acaecidas verbo do orzamento que se presentou na solicitude, o beneficiario deberá facelo constar na xustificación e motivalo.
- e.- Facturas xustificativas dos gastos (orixinais ou copias cotexadas) que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención e estarán datadas no período da subvención. Sobre a factura orixinaria, efectuarase un estampillado indicando en dita factura a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicarse ademais a contía exacta que resulte efectuada pola subvención.

No caso de gastos de seguros cuxa cobertura corresponda á sede social, só será admisible o período correspondente ao período subvencionable de execución do proxecto (16 de outubro de 2024 ao 15 de outubro de 2025), podéndose prorratear ao gasto polo tempo que comprende o prazo de execución do proxecto.

De forma excepcional si o seguro foi abonado con anterioridade a dito período, poderá incluírse na xustificación a parte proporcional ao período subvencionado





Concello Do Carballiño

- f.- O pagamento a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido pola entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberán constar o selo de pagado, selo do proveedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento. En ningún caso os pagos en metálico poderán superar os 300 € por proveedor e os 1000 € en cómputo global da subvención outorgada.
- g.- Relación detallada das subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin indicando o importe e procedencias ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin (anexo II)
- h.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.
- i.- Declaración responsable de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social
- l.- Reportaxe fotográfica que evidencie a situación da instalación despois a realización da obra, de ser o caso
2. O órgano competente para a comprobación da xustificación da subvención será o órgano instrutor, e materializarase na emisión dun informe que acredite a adecuación da xustificación, así como a realización da/s actividade/s e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención. Este informe achegarase á conta xustificativa.
3. Os/As beneficiarias/as das subvencións presentarán inescusablemente, na sede electrónica do concello, as xustificacións **antes do 24 de decembro de 2025**. En ningún caso poderá efectuar o pagamento das subvencións sen que se teña presentada e aprobada a xustificación correspondente ao orzamento total do proxecto de actividades.
4. No caso de que a entidade beneficiaria non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos necesarios antes do vencemento do prazo de xustificación, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa, sempre que se presente a declaración xurada para tal efecto. Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga do reintegro por parte do beneficiario.
5. No suposto en que só se xustifique a execucións parcial do orzamento total do proxecto, a subvención reducirase proporcionalmente.
6. Se a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, axudas tanto públicas como privadas) supere o 100% do custo da actividade a subvención será reducida ata chegar ao 100% do custo
7. Poderanse presentar xustificacións parciais que deran lugar ao libramento parcial polo importe debidamente xustificado do proxecto.
8. De haber deficiencias emendables na conta xustificativa, concederanse un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.
9. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, declararase xustificada a subvención.





Concello Do Carballiño

Duodécima.- Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no Capítulo IX da Ordenanza reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº 49, de 2 de marzo de 2005)

Disposicións finais.

Primeira.- En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Segunda.- A presente convocatoria publicarase no BOP para os efectos de cumprimento do requisito de publicidade.





Concello Do Carballiño

ANEXO I

SUBVENCÍONS NO RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE O CARBALLIÑO PARA GASTOS DE INVERSIÓN E DE GASTOS CORRENTES DE FUNCIONAMENTO PARA O ANO 2025 EN LOCAIS DE PROPIEDADE DA ASOCIACIÓN OU CON CESIÓN DE USO			SOLICITUDE
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENTIDADE:		CIF:	
ENDEREZO:	CP:	PROVINCIA:	
TELÉFONO/S:	CORREO ELECTRÓNICO:		
E,NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a súa representación)			
NOME:	APELIDOS:	TELÉFONO	

DATOS DE LA SOLICITUDE

DENOMINACIÓN D/OS PROXECTO/S:

1.-

2.-

IMPORTE SOLICITADO PARA INVERSIÓN

IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES FUNCIONAM.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Documentación xeral:

- ☐ fotocopia cotexada do CIF da entidade e elo DNI do representante, si é o caso
- ☐ fotocopia de los estatutos da entidade, si é o caso
- ☐ certificado de inscrición no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia, si é o caso
- ☐ ANEXO II declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de percibir subvencións doutras administracións e declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa axencia tributaria estatal, autonómica, coa seguridade social
- ☐ ANEXO III declaración de outras subvenciones solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- ☐ DECLARACIÓN RESPONSABLE sobre a natureza do IVE
- ☐ ANEXO IV Declaración do número de asociados a data 01/01/2025.





Concello Do Carballiño

☐ ANEXO V Documentación en poder da entidade local

ANEXO I (continuación)

☐ Acreditación das medidas de difusión da colaboración do Concello na actividade.

Para O caso de **gastos de inversión:**

☐ Memoria valorada ou presuposto detallado de la obra.

☐ Reportaxe fotográfica que evidencie a situación da instalación antes da realización da obra.

Para **gastos correntes de funcionamento:**

☐ Memoria das actividades realizadas durante el período subvencionable.

☐ ANEXO VI Relación dos gastos e ingresos realizados durante o período subvencionable.

SINATURA DA PERSOA QUE O SOLICITA

.O Carballiño a, dede 2025





Concello Do Carballiño

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRENTE Á SEGURIDADE SOCIAL

DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA	
RAZÓN SOCIAL :	CIF
NA SÚA REPRESENTACIÓN:	
NOME E APELIDOS	DNI
EN CALIDADE DE:	

DECLARO:

- ☐ Que a entidade á que represento non se encontra incurso en ningunha das prohibicións reguladas no artigo 13 de la Lei 38/2003 Xeneral de Subvenciones para obter a condición de beneficiario de subvenciones das administracións públicas.
- ☐ Que la entidade non é deudora da Facenda estatal, autonómica nin coa Seguridade Social.
- ☐ Que os ingresos obtidos para a realización da actividade subvencionada non superan o custo da mesma.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

O Carballiño, de de 2025





Concello Do Carballiño

ANEXO III

DECLARACIÓN DE OUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS OU SOLICITADAS

DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA	
RAZÓN SOCIAL :	CIF
NA SÚA REPRESENTACIÓN:	
NOME E APELIDOS	DNI
EN CALIDADE DE:	

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non se solicitou nin se lle concederon ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales obtívose esta subvención, foron os que se citan a continuación:

ORGANISMO	CONCEPTO	IMPORTE

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, ----- de de 2025





Concello Do Carballiño

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE NÚMERO DE SOCIOS

DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA	
RAZÓN SOCIAL :	CIF
NA SÚA REPRESENTACIÓN:	
NOME YE APELIDOS	DNI
EN CALIDADE DE:	

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que o número de socios ou aboados pertencentes á asociación que presido, a data 1 de xaneiro de 2025, é de _____.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

O Carballiño, de de 2025





Concello Do Carballiño

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A NATUREZA DO IVE

D/D^a

con NIF núm _____, en calidade de
da entidade

con CIF núm _____, en relación coa documentación
administrativa correspondente á subvención

DECLARA:

Primeiro.- Que o IVE soportado contido nos xustificantes de gasto presentados con ocasión da xustificación da subvención anteriormente referenciada, ten a natureza de:

1. ☐ IVE soportado NON DEDUCIBLE (non se liquida nin compensa IVE)

2. ☐ IVE soportado DEDUCIBLE (liquídase ou compénsase IVE)⁽¹⁾

⁽¹⁾ No suposto de marcar o punto 2, **é obrigatorio presentar xunto coa presente declaración responsable o modelo 390** (Resumo anual do IVE do exercicio anterior)

Segundo.- No caso de aplicar prorrata no modelo 390, indicar a situación da prorrata do ano en curso.

2.a ☐ Que o ano en curso, **se mantén** a mesma porcentaxe de prorrata tal e como consta no modelo 390 aportado.

2.b ☐ Que no ano en curso, **non se mantén** a mesma porcentaxe de prorrata tal como consta no modelo 390 aportado.

Indicar a nova porcentaxe de prorrata _____

E para que conste, aos efectos oportunos, asino a presente declaración responsable en

-----, a día de..... de 2025

Asdo:

en calidade de





Concello Do Carballiño

ANEXO V

Don/Doña _____ con DNI _____, en nome e representación da entidade _____, en relación coa documentación administrativa da solicitude de subvencións destinadas a asociacións veciñais do Concello de O Carballiño para gastos de inversión e de gastos correntes de funcionamento para el ano 2025 en locais de propiedade da asociación ou con cesión de uso , fago constar:

1º .- Que os seguintes documentos xa obran en poder do Concello de O Carballiño, ao ser presentados en procedementos anteriores (sinalar con una X os documentos de que se trate, dos que figuran a continuación):

- ☐ Copia compulsada del CIF da entidade
- ☐ Certificado de inscrición en el rexistro de asociacións
- ☐ Estatutos sociais da entidade

2º.- Que o contido de ditos documentos conserva a plena validez.

3º.- Que, polo exposto, acóllese ao dereito recoñecido no artigo 53.d) de la Lei 39/2015, del 1 de outubro del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao presentar ditos documentos nesta convocatoria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, de de 2025





Concello Do Carballiño

ANEXO VI DECLARACIÓN DE GASTOS E OUTRAS AXUDAS

DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA	
RAZÓN SOCIAL :	CIF
NA SÚA REPRESENTACIÓN:	
NOME E APELIDOS	DNI
EN CALIDADE DE:	

DECLARA:

1. Que os gastos totais soportados pola entidade imputables a/as actuacións subvencionadas ao amparo das bases reguladoras e convocatoria de subvenciones destinadas a asociacións veciñais do Concello de O Carballiño para gastos de inversión e de gastos correntes de funcionamento para o ano 2025 en locais de propiedade da asociación ou con cesión de uso.

acreedor - NIF	concepto	nº de fact.	importe	data de emisión	data de pago

2. Que os ingresos da entidade durante el período subvencionable imputables a/as actuacións subvencionadas foron:

INGRESOS(Procedencia)	IMPORTE

SINATURA DA PERSOA QUE DECLARA

-----, ----- de ----- de 2025





Concello Do Carballiño

ANEXO VII

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA AXUDA

DON/
DONA _____ co
n DNI _____, en representación da entidade
con
CIF _____.

DECLARA

Que lle foi notificado acerca da resolución de concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a asociacións destinadas a asociacións veciñais do Concello do Carballiño para gastos de inversión e de gastos correntes de funcionamento para el año 2025 en locais de propiedade da asociación ou con cesión de uso

Que se da por notificado, e informado nos termos establecidos na Resolución de data _____, así como no establecido nas bases e convocatoria que regulan ditas axudas e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

MANIFESTA

☐ Que ACEPTA Á AXUDA nos termos e condicións sinalados na resolución e comprometese a cumprir todas as obrigas exixidas ás persoas beneficiarias nas bases reguladoras e convocatoria e n as demais normas de aplicación.

☐ Que REXEITA Á AXUDA.

Sinatura da persoa representante

O Carballiño, _____ de _____ de 2025

